

Nome e apelidos:

DNI:

BOLSA DE TRABALLO DE TÉCNICOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

1. ¿Quién elixe ó Alcalde dun municipio en España?

- a) Sempre os concelleiros.
- b) Sempre os veciños.
- c) A Deputación Provincial.
- d) A veces os concelleiros e a veces os veciños según establece a lexislación electoral xeral.

2. Non é de existencia preceptiva en todos os Concellos ...

- a) Comisión de Goberno.
- b) Pleno.
- c) Alcalde.
- d) Tenentes de Alcalde.

3. Non é función do Alcalde ...

- a) Dictar bandos.
- b) A aprobación do Regulamento orgánico e das Ordenanzas.
- c) Exerce-la xefatura da Policía Municipal, así como o nomeamento e sanción dos funcionarios que usen armas.
- d) Entre outras, todas son funcións segundo o art. 21 da Lei de Réxime Local.

4. Non é función do Pleno...

- a) Dirixi-lo goberno e a administración municipais.
- b) O planteamento de conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións públicas.
- c) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- d) Entre outras, todas son funcións segundo o art. 22 da Lei de Réxime Local.

5. Conforme dispón literalmente a Lei 39/2015 os procedementos podrán iniciarse de oficio o a ...

- a) Instancia de parte.
- b) Solicitude de parte.
- c) Instancia da persoa interesada.
- d) Solicitude da persoa interesada.

6. A iniciación do procedemento administrativo adóptase mediante...

- a) Trámite.
- b) Resolución.
- c) Acordo.
- d) Dictame.

7. Se un escrito de solicitude non contén a sinatura

- a) Non pasa nada porque non é un requisito esencial conforme a Lei 39/2015.
- b) Deberá devolverse ó interesado/a no momento da presentación deste.
- c) Deberá concedérselle un prazo de 10 días para que subsane a solicitude.
- d) Sinxelamente inadmitirásese o escrito indicando a causa de exclusión (falta a sinatura).

8. Da solicitude presentada tense dereito a recibir ...

- a) Copia.
- b) Copia cotexada.
- c) Recibo.
- d) Acuse de recibo.

9. ¿Qué é unha instancia?

- a) Un modelo de solicitude.
- b) Un modelo normalizado de solicitude.
- c) Un modelo de solicitude de aplicación en procedementos de concurrencia competitiva como unhas oposicións.
- d) Un modelo de solicitude de aplicación en procedementos administrativos sempre que non requiran unha resolución numerosa dos mesmos.

10. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública:

- a) Típicos: obra, concesión de obra, concesión de servizos, suministro e servizos.
- b) Especiais: aqueles outros de obxecto distinto ós expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por estar vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante ou por satisfacer de maneira directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela.
- c) Legais: Os contratos declarados así expresamente por unha Lei.
- d) Todalas respostas anteriores son correctas.

11. Os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público, salvo que xa se encontren recollidas nos pliegos, deberán incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes, a acreditación da capacidade dos asinantes para suscribirlo contrato.
- b) Definición do obxecto e tipo de contrato.
- c) Referencia á lexislación aplicable ó contrato.
- d) Todalas respostas anteriores son correctas.

12. Se realizamos un agrupamento de 0-3 a ratio pare este agrupamento será como máximo:

- a) 1 educador cada 15 nenos/as
- b) 1 educador cada 20 nenos/as
- c) 1 educador cada 10 nenos/as
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

13. Á hora de comprar un xoguete para un/unha neno/a dunha escola infantil non debemos ter en conta, entre outros aspectos:

- a) Canto máis sofisticado é o xoguete, maior diversión proporciona.
- b) É imprescindible que non conteña pezas pequenas que poidan producir o afogamento do/a neno/a.
- c) É conveniente ter a man sempre un xoguete co que poder premiar a boa conduta dos/as nenos/as.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

14. Segundo o artigo 6 do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, os libros de rexistro e reclamacións deberán, sinala a opción incorrecta:

- a) Deberán constar polo menos os seguintes datos: nome e apelidos, data de alta, incidencias, data de baixa e causa.
- b) Será dilixenciado pola administración local mais próxima.
- c) Estará a disposición dos usuarios.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

15. A autonomía organizativa concretase en:

- a) O Decreto 329/2005.
- b) O currículo.
- c) O Regulamento de Réxime Interno, a programación xeral anual.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

16. Segundo o Regulamento de Réxime Interno da escola infantil municipal de Val do Dubra, son competencias propias do equipo técnico:

- a) Elaboralo proxecto educativo (PEC) e o proxecto curricular do centro (PCC), e proceder á súa modificación en caso necesario.
- b) Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as programacións de cada un dos grupos de idade.
- c) Elaborala memoria anual do centro.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

17. Na alimentación dun/dunha neno/a celíaco/a, evitaremos menús nos que estean presentes

- a) Trigo, centeo, avea e cebada
- b) Froitas, verduras e hortalizas
- c) Millo e arroz
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

18. Como actuaremos ante unha pequena queimadura ?

- a) Arrefriar con auga durante un tempo e acudir a un centro sanitario.
- b) Botar un antiséptico local para queimaduras.
- c) Tapar cun apósito e ir a un centro sanitario.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

19. A metodoloxía:

- a) É un dos elementos do currículo en educación infantil.
- b) Defínese como o conxunto de criterios e decisións que serven para organizar de forma global a actividade na aula. Inclúe a organización dos espazos, materiais e tempos entre outros elementos.
- c) As respostas a e b son correctas.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

20. Segundo o Regulamento de Réxime Interno da escola infantil municipal de Val do Dubra:

- a) No caso de ter que administrar algún medicamento, terase que firmar unha autorización no centro e presentar receita médica ou copia.
- b) No caso de ter que administrar algún medicamento, bastará con que os pais o comuniquen de palabra.
- c) No caso de ter que administrar algún medicamento, terán que ser os pais que llelo administren ó/á neno/a.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

21. Serán funcións propias dos/as Técnicos/as de Educación Infantil:

- a) Desempeñar a función educativa na formación integral dos nenos/as dentro da súa aula. Coidar da orde, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as da súa aula. Axudar na realización das actividades programadas. Participar na elaboración do Proxecto Educativo. Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra-escolares reflectidas no PEC e na programación anual.
- b) Elaborar a programación da aula e exercer a actividade educativa na mesma.
- c) Funcións xerais de apoio á/ao mestra/e, atendendo as rutinas diarias de cada neno/a
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

22. Das seguintes afirmacións sinala a opción incorrecta:

- a) O proxecto curricular de centro segundo o artigo 28º do decreto 329/2005 do 28 de xullo incluírá entre outros apartados, o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades dos/as nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación.
- b) O decreto 329/2005 do 28 de xullo , establece no seu artigo 27º os requisitos específicos para as escolas infantís.
- c) O decreto 329/2005 do 28 de xullo, establece no seu artigo 20º os requisitos comúns para as escolas infantís.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

23. As aulas destinadas a menores de dous anos, disporán de un lugar de aseo con:

- a) Un cambiador e un lavabo
- b) Un cambiador, un lavabo e unha ducha
- c) Un cambiador, un lavabo e unha bañeira infantil.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

24. De que alerxia alimentaria estamos a falar si un neno non pode tomar leite e derivados lácteos porque o seu sistema inmunitario reacciona ante istos?

- a) Lactosa
- b) PLV
- c) Celiaquia
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

25. O coñecemento das características do desenvolvemento infantil permítenos:

- a) Coñecer a data exacta na que un bebé debe sentarse, manterse de pe, camiñar etc
- b) Ofrecer un coidado e atención adecuado ao nivel de desenvolvemento de cada neno/a
- c) Saber anticipadamente qué é capaz de facer cada neno/a segundo a súa idade cronolóxica.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

26. A etapa sensoriomotora descrita por Piaget abarca:

- a) Dende o nacemento aos dous anos.
- b) Dende o nacemento ata o primeiro cumpleanos
- c) De un a catro anos de idade.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

27. Na etapa que vai do nacemento aos tres anos, o desenvolvemento motor e o desenvolvemento cognitivo:

- a) Son totalmente independentes , con grandes avances a nivel motor, pero con un desenvolvemento case nulo a nivel cognitivo.
- b) Están relacionados, pero os grandes avances nesta etapa danse a nivel cognitivo. Os logros a nivel motor comezan máis tarde.
- c) Están relacionados, porque o desenvolvemento intelectual prodúcese fundamentalmente a través do movemento e a exploración do entorno.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

28. A actividade preventiva dentro do sistema educativo:

- a) Diríxese aos grupos de risco que polas súas características persoais, sociais ou culturais teñen máis probabilidade de presentar nalgún momento da súa escolarización problemas de aprendizaxe.
- b) Debe partir dos propios pais que serán os que soliciten unha determinada acción preventiva.
- c) Diríxese a todos os alumnos, pois non podemos afirmar cales deles son susceptibles de presentar problemas escolares.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

29. O eixo da adecuada educación no neno nos tres primeiros anos de vida son:

- a) A boa crianza e a educación do neno/a por parte da familia, en exclusividade.
- b) A responsabilidade compartida e mutuamente aceptada entre a familia e o persoal docente.
- c) A responsabilidade e do centro de educación infantil onde está escolarizado o neno/a.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

30. Na avaliación inicial que se realiza cando o neno chega por primeira vez ao centro escolar, é útil manter unha entrevista cos pais. Nela:

- a) Podemos recoller información sobre a historia persoal e a evolución do neno/a.
- b) Obtemos toda a información relevante que precisamos, polo que non necesitamos complementala coas observacións sobre como se desenvolve o período de adaptación ao centro.
- c) Non debemos recoller información sobre o historial médico, é confidencial entre médico e familia.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

31. No caso de integrarse nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo:

- a) Integramos como un neno/a máis.
- b) Poderá haber máis de un nenos/a por aula dependendo das necesidades, estas prazas contabilizaranse como dúas.
- c) En ningún caso poderá haber máis de un neno/a por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

32. A seguinte definición “ proceso polo cal o neno adquire e interioriza os valores, normas , costume e condutas que son propios da sociedade na que vive”, corresponde o concepto de :

- a) Afectividade
- b) Socialización
- c) Apego
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

33. Segundo o decreto 329/2005 cal é a ratio que se debe cumprir segundo os diferentes grupos de idade:

- a) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 13 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as
- b) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 10 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as
- c) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 15 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

34. A educación infantil é unha etapa:

- a) Obrigatoria e gratuíta.
- b) Non obrigatoria e gratuíta.
- c) Voluntaria.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

35. A organización dós espazos:

- a) Debe facerse tendo en conta as características propias de cada grupo. Debe facilitarse o desprazamento autónomo dós que xa andan ou gatean.
- b) Debe favorecer as necesidades do sono dos máis pequenos. Debe favorecer as necesidades de alimentación de todos os nenos/as.
- c) As respostas a e b son correctas
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

36. Respecto a linguaxe oral, no primeiro ciclo de educación infantil:

- a) Debemos estimular todos os intentos de comunicación verbal por parte do neno/a.
- b) Antes dos tres anos aínda non ten linguaxe claro e preciso polo que a linguaxe oral non é un contido de ciclo.
- c) Debemos eliminar do repertorio do neno/a a linguaxe .
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

37. Un principio fundamental o falar dos primeiros niveis educativos é:

- a) O principio de globalización
- b) A asimilación lóxica
- c) O principio de diversificación
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

38. Segundo o decreto 329/2005 , cal é a proporción de persoal cualificado que deben ter as escola infantís de 0 – 3 ?

- a) O número de persoal cualificado será igual a de unidades en funcionamento mais un.
- b) O número de persoal cualificado será igual o das unidades en funcionamento mais o persoal de apoio e servizos xerais.
- c) O número de persoal cualificado será o das unidades en funcionamento que teña o centro.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

39. Sobre o desenrolo do apego, é certa unha das seguintes afirmacións:

- a) Tan perxudicial para o neno/a é a falta de existencia dunha figura de apego, como a existencia dun apego excesivo debido a actitudes sobreprotectoras dos pais.
- b) A falta de existencia dunha figura de apego é mais perxudicial ca existencia dun apego excesivo debido a actitudes sobreprotectoras dos pais.
- c) A existencia dun apego excesivo debido a actitudes sobreprotectoras dos pais, é mais perxudicial que a falta de existencia dunha figura de apego.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

40. Entre os dous e tres anos aproximadamente:

- a) Predomina o xogo compartido
- b) Aparece o xogo simbólico
- c) Abandona definitivamente o xogo en paralelo
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

41. O principal instrumento que teñen os nenos/as nos primeiros anos para realizar aprendizaxes significativos é :

- a) A memoria comprensiva
- b) O xogo
- c) A repetición
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

42. Dispoñer de comedor é o ideal, pero a falta do mesmo empregárase a aula de usos múltiples non inferior a:

- a) 50 metros cadrados
- b) 40 metros cadrados
- c) 30 metros cadrados
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

43. As rutinas serven para:

- a) Crear hábitos
- b) Exteriorizar as normas
- c) a e b son correctas
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.